



# RÍO UMIA

(Adela Leiro, Mon Daporta)



<b>RÍO: UMIA</b>	
<b>NACEMENTO E FONTES</b>	A Reigosa, a 640 m de altitude, na ladeira do Couto Albariza (serra do Candán)
<b>LONXITUDE</b>	70 km
<b>DESEMBOCADURA</b>	Ría de Arousa (Cambados)
<b>CUNCA</b>	Superficie: 440,4 km <sup>2</sup> CONCELLOS: Forcarei, A Estrada, Cuntis, Moraña, Campo Lameiro, Caldas de Reis, Barro, Portas, Vilanova de Arousa, Meis, Ribadumia, Meaño e Cambados
<b>SERRAS MÁIS IMPORTANTES</b>	 <p>NORTE: Lobeira (250 m), o Xiabre (641m) e o Xesteiras (648 m), Cabalar (645 m), Marco de Afrente (633 m), Marco do Boi Morto (681 m) SUR: Monte Cregos (802 m), Acibal (594 m), Castrove (613 m), Fontefría (397 m) LESTE: Suapica (838 m), Couto Vello (710 m)</p>
<b>AFLUENTES DEREITA</b>	<p>Brañas, Porto, Gallo, A Cova, Os Cabaleiros, Bermaña, Follente, Cardín, O Cerquido, Landoira...</p> <p><b>GALLO</b> (Cuntis) Nace no Outeiro de Sixto, a 640 m de altitude, devala pola fractura N NO/S SO e drena toda a depresión de Cuntis ata chegar ó Umia, despois dun percorrido de 13 km.</p> <p><b>RÍO BERMAÑA</b> Nace en Outeiro do Corvo (ladeira sur do Xesteiras) a 300 m de altitude e percorre 11 km ata Caldas de Reis.</p>
<b>AFLUENTES ESQUERDA</b>	<p>Segón, Agrela, Fervenza, Toxeira, Os Tornos, Laceira, Sequeiros, Grixó, Senande, Chaín, Cañón, Armenteira, Taboeiros...</p> <p><b>CHAÍN</b> Está formado por varias cabeceiras como as do <b>Castañeira</b> que baixan do Alcibal, as do <b>Agra</b> e o Lourido. Desemboca no Umia despois dun percorrido de 16 km.</p> <p><b>CAÑÓN:</b> Baixa desde o Castrove e desemboca no Umia en Paradela (Meis).</p> <p><b>REGO DA ARMENTEIRA:</b> Recolle as augas da ladeira norte do monte Castrove e xúntase co Umia en Barrantes (Ribadumia)</p>
<b>FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS</b>	<p>Na cunca do Umia atópanse pedras de gran e xistos (micáceos e cuarcíticos). En case toda a acunca aparecen granitos: os de dúas micas na parte oriental e central e a pedra de gran biotítica da parte baixa da cunca, cunha facilidade de alteración que deu orixe ao amplo e chan val do Salnés.</p> <p>O diferente grao de resistencia dos materiais da cunca conforman o relevo e determinan a amplitude do val do río e o seu perfil: nas zonas de xisto e pedra de gran branda o val é amplo. Nas de pedra de gran dura é sinuoso e estreito.</p> <p>No perfil do río aparecen dous grandes tramos separados pola ruptura da pendente entre os dous tipos de pedra de gran da parroquia de Cesar (Caldas de Reis) e a falla meridiana de Galicia, zona na que se atopan saltos. No curso alto do Umia e dos seus afluentes abundan os rápidos e as fervenzas.</p>

	Na desembocadura forma unha ampla zona de sedimentación que da lugar aos ricos bancos marisqueiros do Serrido, en Cambados e á Enseada do Umia, pechada polo Istmo da Lanzada e a Península de O Grove.
<b>CLIMA</b>	Oceánico húmido cunha marcada seca estival.
<b>TIPO DE RÉXIME</b>	Pluvial. O período de maior seca é en agosto. As augas máis altas corresponden a decembro-maio.
<b>CAUDAL</b>	absoluto: 8,9 m <sup>3</sup> /s relativo: 30,8 l s/km <sup>2</sup>
<b>FLORA</b>	En gran parte das beiras do río consérvase bosque de ribeira con amieiras, salgueiros, freixos, sabugueiros, carballos, silveiras, herba salgueira, hedras... Na auga e nas beiras hai pé de boi, oucas, fentos, brións, xuncos, molinias... Algunhas zonas están repoboadas con piñeiros e eucaliptos.
<b>FAUNA</b>	Na auga atopamos lontras, troitas, espiñentos, lavancos, merlos rieiros, galiñolas, ras, saramagantas, pintafontes, mexillón de río e unha gran variedade de insectos e as súas larvas. Destaca a gran diversidade de aves acuáticas do esteiro, sedentarias e de paso.
<b>APROVEITAMENTO</b>	Abastecemento de auga para o consumo e actividades agrícolas e industriais: produción de enerxía, pesca, acuicultura, lecer... Nas beiras do Umia (Caldas de Reis) e do Gallo (Cuntis) hai fontes termais que se aproveitan en balnearios. Ao longo do percorrido do río Umia e dos seus afluentes podemos atopar un gran número de muíños. Só no concello de Caldas aparecen citados 124 na <i>"Gúia para para o estudio dos muíños de auga na terra de Caldas de Reis"</i> (Leal, Cruces e Sanmartín).  En todo o val do Salnés (curso baixo do Umia) cultívanse vides, entre as que destaca a variedade Albariño acollida á Denominación de Orixe Rías Baixas
<b>ESPAZOS PROTEXIDOS</b>	O ESTEIRO DO UMIA forma parte do complexo "Umia-O Grove" considerado zona ZEPA (Zona de Especial Protección para as aves) e está acollida ao convenio RAMASAR. Forma tamén parte da Zona especial de Protección dos valores Naturais "LIC Ons-O Grove". <b>FERVENZA DE SEGADE</b> Entorno natural declarado "paraxe Pintoresco" no 1962 polo Consello de Ministros.
<b>DATOS HISTÓRICOS</b>	Toda a área estivo moi poboada desde tempos prehistórico como testemuñan os numerosos asentamentos castrexos, petroglifos, achádegos arqueolóxicos... Os fenicios instaláronse na desembocadura do Umia e aproveitaron as riquezas das salinas e explotaron o cobre e o estano. En toda a cunca consérvase un rico patrimonio arqueolóxico, etnográfico e histórico artístico.
<b>TRADICIÓNS-LENDAS</b>	<b>BAUTIZOS PRENATAIS</b> En Pontearnelas faise o rito do bautismo anticipado para que mulleres preñadas con antecedentes de malos partos teñan unha feliz xestación e parto. Acoden á ponte na noite o sábado ás doce da noite, acompañadas de dous parentes homes que se sitúan a cada extremo da ponte impedindo o paso. O primeiro home que intente pasar será o "padriño" e el irá coller a auga ao río e verteráa sobre o ventre da muller encinta ao tempo que recita a fórmula do bautismo. Rematada a cerimonia celébrase unha comida sobre a ponte e logo a embarazada bota ao río, de costas á baranda e por riba dos ombros, o sobranche da comida, a louza e o resto dos utensilios.
<b>CURIOSIDADES</b>	<i>EL UMIA</i> : nome dun periódico aparecido en Cambados no 1907 que acadou 9 edicións. Entre os seus colaboradores destaca Ramón Cabanillas.

<p><b>LITERATURA</b></p>	<p><i>Salnés antergo e saudoso, terra sagra e petrucial farta de séculos, chea de amor e dolor de nai.</i></p> <p><i>Unha ermida cada castro, cada valgada un pinal, cada camiño un cruceiro, cada recuncho un fogar.</i></p> <p><i>Erbeiros e milleirales e viñas na terra chá; o sol ó cair nas ágoas deixou o ceo a sangrar.</i></p> <p><i>O Umia, canso, deitouse nas xunqueiras de Sisán; o pai Castrove, na estrema, pon os ollos alén mar.</i></p> <p>...</p> <p><i>Terra de Salnés. Outono. A caída do serán. Os carros na corre道ira, chirra que te chirrarás.</i></p> <p>VENDIMA EN SALNÉS "Poesías Ventureiras" DE RAMÓN CABANILLAS</p>
<p><b>PROBLEMAS</b></p>	<p>Contaminación por residuos urbanos (é unha zona densamente poboada), agrícolas e industriais; destrución da vexetación de ribeira por obras e explotacións agrícolas; alteración de ecosistemas e do caudal por encoros; presenza de especies invasoras (cangrexo de río americano, mimosas, peste de auga, fentos de auga (<i>Azolla</i>); eutrofización...</p>

